

**CONVENIO ENTRE O INSTITUTO DE LA CINEMATOGRAFÍA Y DE LAS ARTES AUDIOVISUALES O.A. (ICAA) E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI (AGADIC) PARA A PUBLICACIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS DIXITAIS NA PLATAFORMA DIXITAL DE VIDEO A DEMANDA DO ICAA (PLATFO).**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) ten previsto formalizar co Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales O.A. (ICAA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data da sinatura do convenio, e que poderá prorrogarse por vontade unánime e expresa das partes por un período máximo de catro anos máis, mediante a tramitación da correspondente adenda, seguindo os mesmos trámites de autorización e publicidade que os establecidos para o convenio orixinal.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o ICAA, a través da Filmoteca Española e a Agadic, para a aportación de fondos fílmicos significativos, conservados nos seus respectivos arquivos, de forma gratuíta para a súa difusión nunha plataforma dixital e de vídeo (PLATFO), pertencente ao ICAA.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

1 – O ICAA ten entre os seus fins, a través da Filmoteca Española, a investigación e difusión do patrimonio cinematográfico, o fomento de investigacións e estudos sobre o cine español e cantas actividades se consideren oportunas para difundir a cultura cinematográfica a través de ferramentas diversas.

Dentro da política palanca IX "Impulso a la cultura y el deporte" de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e a través do compoñente 25 "Spain Audiovisual Hub", ten como obxectivo promover a transformación dixital do ecosistema audiovisual español, para o que creou e deseñou a plataforma dixital e de vídeo PLATFO, co obxectivo de difundir o acervo audiovisual español e facelo accesible en liña de forma pública e gratuíta para as audiencias globais, tanto públicas como profesionais.

Os fondos fílmicos pertencentes ao patrimonio cinematográfico e audiovisual español son propiedade de distintas institucións e entidades públicas e privadas e, coa fin de promover a súa difusión, o ICAA pon a disposición das ditas institucións a plataforma dixital creada para facer accesibles as súas coleccións.

2 – Que a Agadic, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública autonómica. O obxecto da Agadic é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro



dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, conta coa FilMOTECA de Galicia, adscrita ao seu Departamento de Política Audiovisual, como unidade encargada da salvagarda e difusión do patrimonio audiovisual galego.

3 –Que o ICAA e a Agadic, a través da FilMOTECA de Galicia, teñen un interese común en aportar fondos fílmicos significativos, conservados nos seus respectivos arquivos, de forma gratuíta, para a difusión en PLATFO.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jacobo Sutil Nesta  
Director da Agadic

